

## FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Para xestionar a Biblioteca escolar é necesario un equipo de persoas. Nese equipo poderán colaborar alumnos/as dos diferentes niveis, baixo a dirección dos profesores encargados desta labor.

O carácter deste grupo é voluntario e o suficientemente amplo para permitir unha planificación do traballo e facilitar os turnos rotatorios, de periodicidade semanal. Ademais é desexable que sexa estable para poder adquirir os coñecementos necesarios para a súa formación e educación documental como usuarios da BE.

### EQUIPO DE ALUMNOS COLABORADORES NA DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA.

Establécense dous grupos: **xestión**, con dez alumnos e **dinamización** con outros dez alumnos. Cada día estará na sala da Biblioteca un alumno do grupo de xestión, que será o colaborador directo no servizo de préstamo; os membros do equipo de dinamización non tañen a obriga de estar na sala, pero si de cumprir coa tarefa da que se fagan responsables.

#### FUNCIONES DO EQUIPO DE XESTIÓN

- Esperar co resto dos alumnos a que chegue o profesor encargado da Biblioteca.
- Colaborar na elaboración das normas de funcionamento da BE e velar polo seu cumprimento.
- Ordenar os libros nos estantes segundo os criterios establecidos e preocuparse de manter esa ordenación no funcionamento diario.
- Axudar ós usuarios na busca e localización dos fondos.
- Recoller os documentos que os usuarios devolvan e axudarlles a reubicalos no seu lugar de orixe.
- Restaurar os libros que polo seu uso se vaian deteriorando.
- Selar, etiquetar ou pegar o código de barras nos diferentes documentos.
- Sacar cada trimestre, antes de que remate a Avaliación a lista de morosos no préstamo e facerlles chegar as súas obrigas como usuarios.

## FUNCIÓNS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN:

A responsabilidade deste equipo é colaborar nas distintas actividades complementarias que a Biblioteca desenvolva, promocionar e difundir os fondos dos que dispón. O labor a realizar por este equipo é moi amplo e abrangue tarefas como:

- Expoñer e promocionar os libros de nova adquisición no lugar habilitado para tal fin, de maneira que todo o mundo teña coñecemento dos mesmos.
- Seleccionar un libro, unha película e a música que a BE recomende cada semana.
- Expoñer os fondos da BE no vestíbulo ou nos corredores do centro con motivo do día do LIBRO ou doutra conmemoración para acercar os libros a aqueles máis rezagados que non visitan a BE.
- Elaborar a lista dos libros máis lidos, sinalando así as preferencias dos lectores e invitando a coñecer eses libros por parte daqueles que non os leron.
- Creación e mantemento dun mural que recolla as novas extraídas da prensa sobre literatura, cine, música, deportes, novas tecnoloxías, medioambiente, humor e aquelas outras que teñan como protagonistas a rapaces da súa idade.
- Seleccionar fragmentos de distintas obras, expoñelos e logo recopílalos coa intención de facer chegar estas obras ós lectores.
- Promocionar libros concretos, películas, música, confeccionando listas recomendadas que se poden difundir polo Nadal, as vacacións do verán..., tamén a promoción dun autor determinado, director de cine e as súas obras, estilo...
- Diseño de campañas destinadas a fomentar o uso da BE: guías, boletíns informativos, xogos de pistas, recollida de suxestións, realización de enquisas, carteis...
- Promover os encontros cos escritores, debuxantes, libeiros...preparando previamente unha serie de actividades que permitan divulgar e coñecer a súa obra.
- Colaborar na organización do CERTAME LITERARIO e doutros concursos organizados pola Biblioteca e os Departamentos.
- Colaborar nas publicacións impresas e na páxina web do Centro para difundir as actividades da BE.